




CDG estrea
Valle Inclán
en galego



Páxina VI

Música,
gastronomía,
para a
Semana Santa



Páxina VI

A importancia
dunha aula
dixital



Páxina IX

Ciclo de
Música
Contemporánea
en Lugo



Páxina XI

Presentación
dun libro en
Hamburgo



Páxina XII

Festival de
Cans sen
axuda da
Xunta



Páxina XVI

Porto Cartoon 2017 Páxina XX



O Coro Cantemos de Ponteareas representarán a Galicia en Torrevieja

O XXIII Certame Xuvenil de Habaneras de Torrevieja celebrarase os días 28 e 29 de abril

Por primeira vez, unha coral xuvenil galega participa neste prestixioso certame internacional ao que tan só están convidadas pola organización

oito agrupacións chegadas de España, Ucraína, Rusia e Eslovaquia. O Auditorio Municipal de Ponteareas acolleu, o sábado 25 o concerto coral no que participaron

o Coro Xuvenil Cantemos, o Obradoiro Vocal A Vila e Voces do Arrieiro para recaudar fondos para a viaxe. Esgotáronse as entradas.

Páxina XVII

Entrevista a Miguel Mosqueira de Ataque Escampe

Páxina III




Galicia Gourmet

www.productosdegalicia.com

info@productosdegalicia.com 988 680 781 - 648 496 756

Marcelo Macías, 40 baixo Xinzo de Limia

CONFITERIA Regino
Especialidade en rosquillas e melindres
Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de framboesa
Tartas personalizadas
coa túa foto ou debuxos infantís
a partir de 2 lgs.
Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas 986 640 834

Opinión

Por Inma Otero Varela

As culpas na literatura galega

O debate, necesario e sanísimo, que está a xerar o artigo de Manuel Veiga “A infantilización da literatura galega e o seu perigo de desaparición” publicado na revista dixital Biosbardia o pasado febreiro, é xa unha proba de que si hai público lector en galego, de que aínda non desaparecemos, de que andabamos a rillar as mesmas teimas desde hai tempo, de que periodicamente precisamos exorcizalas porque non queremos extinguirnos, de momento. Non se sabe cantos somos, se chegamos ou non, se damos feito un lectorado sostible (a ecoloxía igual é un dos movemento que máis termos axeitados nos pode achegar), mais a vontade non falta. Se a tese de fondo é que na literatura galega se percibe unha crecente superficialidade discursiva e temática (prefiro non empregar a palabra infantilismo) que pouco achega á idea de arte como descarga eléctrica, como convulsión intelectual, por poñermos exquisitas, totalmente de acordo. Mais vólvenme asaltar as preguntas de sempre. Isto non pasa noutras literaturas? Periga o seu público por este motivo? Non houbo desde hai séculos unha arte máis popular ao carón da que hoxe consideramos canónica? Non acontece noutras esferas culturais como o cinema, a música, mesmo a gastronomía? Hai probas de que “o público capacitado e favorable a ler en galego desertou” como afirma Manuel Veiga? De

ser así, é culpa só dos textos, ou peor, das autoras e autores? Realmente o mercado do ensino en galego é tan substancial como para que condicione a escrita? Esa simplificación (non acabo de atopar un vocábulo que me preste) que se percibe en moitas narracións pensadas para adultos, non para un público infantil e xuvenil, ten a súa orixe na procura de vendas en institutos? A porcentaxe de alumnado que goza de lecturas fast-food é maior que a porcentaxe de adultos que consomen produtos deste tipo? Ten a totalidade de adolescentes tan mal gusto? E para rematar, é certo que hoxe non temos Casares nin Cunqueiros, nin cousa que se lle pareza?

Evidentemente non teño respostas, só formulacións ao aire, aínda que moitas veces coido que estamos a confundirnos nas preguntas. Antón Figueroa falaba da filoloxización da cultura galega, ao que se podería engadir para este caso unha sorte de grafocentrismo xeneralizado, unha variante da idea kantiana da subxectividade da realidade, aquí non só debido á mediación do suxeito, senón á incidencia das súas manifestacións escritas. Algo haberá de certo nisto, de feito a arte, tamén a literatura, forma parte do real, xera obxectos per se con capacidade para alterar outros elementos da realidade na que se integran. Pero esta presuposición, levada ao extremo, pode facernos pensar que é o texto litera-

rio, e só o texto e non outras producións humanas, o que sempre constrúe a realidade e non ao revés. A simplificación dalgunhas, probablemente moitas, expresións artísticas entre as que se encontra a literatura, non podería ir parella á simplificación doutros rexistros? Á brevidade das mensaxes que esixe o exceso e velocidade de información? Á aceleración da vida, tamén do lecer? Á redución dos discursos, das consignas, dos argumentos ata que poidan coller en asercións dunha liña? Ao espallamento da ansiedade social e económica á produción escrita e ao consumo lector? Tampouco hai respostas seguras. Parece que o ruído comunicativo tamén chegou á ficción e a saturación, xa que as facilidades para publicar aumentaron considerablemente, agocha cada vez máis esa arte con vocación de abrir fendas no real. Non obstante, dende que a novela ía morrer, cambiaron os asasinios, algúns mesmo morreron de morte natural como os hipertextos que parecía que ían substituír a novela co cambio de milenio, e as novelas aí seguen. As malas e as boas, as que se len moito e as que se len menos, ou dito doutro xeito, as que venden moito e as que non.

A exposición desta situación aínda bota máis preguntas ao aire: a crítica non está a poñer algo de orde no caos? Quen non se conforma cunha cultura Fnac (perdóese tamén esta simplificación), non atopa orientación por ningures? A situación é moi diferente hoxe por hoxe para a crítica galega que para a doutros sistemas? De ser así, é culpa só da crítica ou hai outras res-

ponsabilidades que afectan á xestión dos espazos públicos onde se debería manifestar?

O binomio arte e mercado desde logo non nos favorece. Nin aos textos galegos que son concibidos como arte, non como produtos, pero tampouco aos que buscan o éxito comercial nunha competición desigual cos textos escritos en castelán ou traducidos ao castelán, é dicir, cos textos promocionados co aparato publicitario dunha lingua dominante. E esa culpa non é de quen escribe. Outra pregunta retórica: a institucionalización da cultura na Galiza está a ser o dinámica que debería? Baséase na convicción de que a literatura enriquece o patrimonio dun país?

En todo caso, e non sei se é esperanzador ou non, non penso que o problema principal estea en moitas (algunhas) das persoas que escriben. Polo menos non nunha maior porcentaxe que as que escriben noutras linguas. Hai moita literatura de batalla, certo, que sen dúbida fai máis dano que noutros sistemas cun lectorado máis consolidado, pero hai autoras e autores que, non sendo Casares nin Cunqueiro, tampouco Rosalía, nin teñen porque selo, van á procura dunha escrita ambiciosa sen esperar que o mercado lles dea nada a cambio. Minorías? Ou a algunhas sábenos a pouco? E cando non o foron. Mais a adxudicación de culpas a un único sector non vai solucionar a cuestión.



Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

As grandes oportunidades da lusofonía

A aprobación da iniciativa lexislativa Paz Andrade foi o primeiro chanzo para a aproximación real da Galiza ás lusofonías, mais non será abondo se este proceso segue a ser tan absurdamente lento nun mundo nos que as remudas avanzan a grande velocidade. A nosa comunidade lingüística con Portugal na Europa, Brasil na América, Angola, Mozambique, São Tomé e Príncipe, Guiné Bissau e Cabo Verde na África e Timor Leste na Asia constitúe unha fonte de oportunidades, nomeadamente no eido empresarial, mais tamén no cultural e

no político. Para alén, no segundo circo da lusofonía achegámonos á China a medio do Macau e á India a medio de Goa.

Ben é certo que para facer parte da Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP) compre ser un Estado soberano e nós non o somos. Mais a realidade especial de Galiza (un territorio semiautónomo pertencente ao Estado español que, porén constitúe o berce do corpus lingüístico galego-portugués) podería xerar un status de seu como observador, nunha eventual re-forma consensuada das súas normas inter-

nas. Por unha banda, contribuíría ao difícil equilibrio entre a exmetrópoli -o Portugal europeo- e o xigante brasileiro. Por outra banda, a presenza de Galicia na CPLP abriría amplas posibilidades para que o Estado español puidese constituír un segundo aliado na UE dos países lusófonos. Todo serían posibilidades de beneficio, tanto para Galicia e o Estado como para os países da CPLP. Se houber gobernantes intelixentes en Compostela e Madrid este camiño xa estaría percorrido, polo menos en parte.

Achegarmos á CPLP, achegarmos ás lusofonías, ha ser un obxectivo de País. E por iso compre que todos os partidos, sindicatos e organizacións empresariais, as tres Universidades, o Consello da Cultura, a RAG e todas as Institucións do País promovan e

acorden un Plan Estratégico “ad hoc”, difundido na sociedade e que remate coa súa aprobación unánime no Parlamento de Galicia (canda as iniciativas lexislativas que haxa que promover perante o Congreso estatal).

O achegamento á lusofonía, canda a posta en valor da rede institucional da Galicia exterior, haberían ser os eixos fundamentais da nosa acción exterior extraeuropea. Para estarmos no mundo e valorizar a nosa cultura e personalidade, mais nomeadamente por mor dos nosos intereses económicos.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocío Rodríguez - Montserrat Rodríguez - Porto Ucha - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - M. Rguez. Alonso - X. Maure - Uxío Breogán - Pérez Lema - X. Glez. Mtnéz. - M. Bragado - B. Iglesias (Mero) - Nemesio Barxa - Andrea Goro - Anxo Mena - I. Otero Varela - Susi Rodríguez - Jesús Losada Dorado - Isidoro Gracia - Roberto Carlos Mirás - Rafael José Adalid - Laura de Cáceres - Kiko Neves - Ramón Mariño - Manuel Estévez - PORTUGAL: Viale Moutinho - Manso Preto - Isabel Varela - Manuel Gonçalves - João Martinho - MADRID: Juan Louzán - BARCELONA: Fdez. Valdeorra - PAIS BASCO: Nicolás Xamardo - CANARIAS: Fco. Puñal - NOVA IORQUE: Fco. Álvarez (Koki).

Fotografía: Hernández - A. Gutiérrez - M. Preto - Jesús Losada Dorado - Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena - Pepe Carreiro - X. Marín - Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) - Ignacio Hortas - Francisco Puñal - Felix Ronda - Fuco Prado - Sex - Ortifus (España) - Omar Pérez (Galicia) - Mauricio Parra (Colombia) - Cébula (Polonia) - J.Bosco e Fernández (Brasil) - Marlene - Pohle (Arxentina) - Guy Badeaux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2017



Xornal Cultural
para o Lecer

Por Ramón Mariño

Entrevista a Miguel Mosqueira, Ataque Escampe

Vemos os adolescentes como a esperanza do mundo

A conversa desenvólvese uns días despois da presentación do seu novo traballo “Primeiros Bicos”. Miguel Mosqueira, un dos membros do grupo Ataque Escampe, fálanos deste novo disco, das ideas que pasaron pola cabeza dos seus membros para compoñelo e exergalo.

A paternidade estalle pasando factura a Ataque Escampe?

Non. En realidade só tivo un fillo Roi, que é un de cinco. Tamén o ex-membro Alex Charlón vai ter un fillo. Quizais o feito de teren fillos nos fai reflexionar sobre a vida. Un é consciente que non é máis que un relevo entre unha xeración e outra. Ese ciclo da humanidade, en vez de velo con pesimismo vézolo con optimismo.

Optimismo?

Sí, as letras convidan á reflexión e son ambiguas. Hai que escoitalas no contexto musical no que están. Se as músicas son bailables e rítmicas, pois as letras hai que escoitalas con esa óptica.

Ata o momento parecía que Ataque Escampe tiña un ritmo moi seu. Pero chega este novo disco e todo cambia.

No disco anterior, que era o primeiro no que estaba o novo batería, Álvaro, xa había algúns ritmos fanki, disco ou que tentaban achegarse a ese estilo. Neste incluímos ritmos máis africanos e reage porque nos interesan esas sonoridades, que lle dan un aire festivo á música. Ese punto de celebración gústanos, para escoitar na casa como no directo.

Realmente os ritmos que incorporades a este disco non son idea totalmente de Ataque Escampe?

Neste disco contamos coa axuda de Julio Vilariño. Julio é unha persoa próxima a nós en canto que hai anos que o coñecemos. Temos uns gustos en común no que respecta á arte. Entón pensamos que a súa visión desde fóra podería axudarnos a matizar os temas e non discutir entre nós.

Iso non o conseguiu polo que escollestei.

Houbo discusións gordas, si. Un quere que as cousas saian ben, esa paixón crea enfrontamentos que quedan no campo.

Pero non deben ser tales discusións. Se o fosen, só vos reuniríades para facer o disco.

Tamén saímos xuntos porque, se imos ensaiar, se imos tocar nun concerto, tamén imos tomar algo xuntos. Logo non nos vemos moito máis porque xa nos vemos dabondo. Hai que deixar que corra o aire.

Sobre os temas “Barrio Sé-samo”.

É un recordatorio da nosa infancia e serve para empatizar coa xente da nosa xeración. E a quen non é da nosa xeración, ofrecerlle unha caste de panorama do ano 1986. Era unha especie de exploración, sen ningunha nostalxia. Tamén de fixarnos que a nosa xeración tiña a TV como un factor moi importante de ocio que compartiamos. Chegabas ao colexio ou á rúa e falabas cos teus amigos sobre eses mesmos programas. Somos a xeración pre-Internet. Coa chegada da Internet, está máis disperso o ámbito da influencia dos medios na sociedade. Non é mellor nin peor, é distinta, porque agora a TV non ten tanto peso.

Porque “O Corazón Vencerá”?

Polo do punto de vista optimista no que ti non es máis que parte dun ciclo vital de persoas e tes que confiar nelas. Entón o corazón simboliza a fraternidade e a liberdade.

“Eu chorei con Gosht”?

Nese tema hai unha celebración da empatía e dos recordos da infancia. Noutras disciplinas artísticas non pasa nada se un fai unha obra ambientada no pasado. Normalmente porque o director ou escritor coñece esa época, entón ofrece ese contexto, non por nostalxia, senón porque quere que se vexa desde 2017. E en música por que non se fai? Nesta canción falamos de algo concreto, non abstracto. Falamos da vida presente e do pasado. Esa tensión existe sobre todo cando un vai cumprindo anos e ten un pasado, presente e futuro.



“Papá borracho”?

Fixase nunha relación paterno filial. Narra o día do enterro do pai e fala dos recordos que suscita no fillo. Entón imos sabendo como foi a relación, como era o pai, que propósito ten o fillo e a maneira que ten de comportarse. Tamén baixo a ollada da fraternidade, porque nunha situación así, un busca o apoio das persoas. De aí a metáfora da discoteca. A discoteca sería un lugar sen sentido se un fose só. Imaxina estar ti só na discoteca. O que fai útil ás discotecas é que haxa xente, compartir o bo momento. A cuestión nesta canción é de como se fala disto, con que palabras, se conta a historia.

O indi galego vive o seu mellor momento como di un artigo publicado hai pouco?

Lino. É certo que hai escena e moitos grupos. O que vexo é que o artigo sobredimensiona a escena. Fala de moitos grupos. Pero se alguén de fóra le iso, pensa que todas as bandas que mencionan son influentes e teñen moito público.

E non é bo darlles unha presenza?

Sí, o que pasa é que parece un tanto esaxerada a influencia. Hai grupos que non pasan do seu círculo de amigos. Está sobredimensionado.

E ser indi?

É a escena independente. **Independente de que? Hai días que mesmo o “Dúo Dinámico” tamén se autoproclaman indís.**

Agora o indi é mainstream. Houbo unha época na que non houbo plataformas para que eses grupos independentes se fixesen famosos. Agora que o termo indi está máis que connotado como mainstream, habería que usar o termo independente. No sentido de ser autoxestionado, que non haxa unha grande industria detrás e que podas usar as redes sociais para contactar coa xente. Será un público menor pero co que tes un contacto maior. E sen apoios, sen subvencións e sen saír en medios. Ben, saír nalgúns medios, pero non hai unha visibilidade nos medios máis masivos.

A formación do grupo está consolidada?

Está consolidada porque xa levamos tempo tocando xuntos e sentímonos unidos e empastados.

A foto promocional nas termas a que vén?

As termas de Prexigueiro en Ribadavia. Hai unha canción no disco “Mondariz Balneario” e quixemos facer as fotos alí. Non se podía facer dentro do balneario e por iso saímos nas termas. E ese choque entre “Primeiros Bicos” que é como naif, e as fotos, que son como obscenas, crea un contrapunto interesante. Parece unha bacanal, saímos con cara de poucos amigos, de esgotamento.

Todo isto parece postureo.

Non, non. O que buscamos é o contrapunto, que haxa tensión entre elementos. O título de “Primeiros Bicos” fala de desamor, non só de parella, fala de falta de perspectiva. Iluminamos esa desolación para facer ver que hai un espírito adolescente en todo o disco. Vemos os adolescentes como a esperanza do mundo, e nós queremos ser algo adolescentes no sentido de seguir sorprendéndonos coas cousas. Ese desamor, esa falta de perspectiva transformouse no contrario. O título vai nesa dirección, pensar no contrario do que había.

Miscelánea

Por Ramón Coira Luaces

Antón Avilés de Taramancos



Celebramos o 25º aniversario do pasamento de Xosé Antón Avilés Vinagre (Noia, 1935 - A Coruña, 1992), máis coñecido como Avilés de Taramancos.

Foi un escritor galego ao que se lle adicou en 2003 o Día Das letras Galegas. O seu pai era mariñeiro e a súa nai labrega. Estudou o bacharelato en Noia e aos 15 anos publica o seu primeiro poema, en galego, nunha revista local. Estudou náutica en Coruña e fixo amizade con Urbano Lugrís, Raimundo Patiño e Xohán Casal, que influíron nel ideoloxicamente. Colaborou en varias revistas literarias, entre elas Atlántida de A Coruña, onde publicou os poemas de As moradias do vento.

O seu primeiro libro de poesía, A frauta i o garmelo, publicouno en 1959. Pouco despois, en 1961, emigrou a Colombia, onde permaneceu até 1980, traballando primeiro na selva amazónica e máis tarde na embaixada brasileira de Bogotá. Alí coñeceu á que sería a súa dona. Tras certos traballos sen éxito, ocupouse como distribuidor de libros en Cali. Regresou a Noia en 1980, onde rexentou unha taberna chamada Tasca Típica, na que organizou recitais poéticos e a Sociedade Cultural Catavento.

En 1986 presidiu a Asociación de Escritores en Lingua Galega e, entre 1987-1991, foi elixido concelleiro de cultura en Noia polo BNG.



Aínda que tamén escribiu ensaio, narrativa e teatro, destacou principalmente como poeta con obras como: O tempo no espello (de 1982), Cantos caucanos (de 1985, coa que obtivo o Premio Nacional da Crítica), As torres do ar (1989) e Última fuxida a Harar, publicada en 1992, pouco despois de morrer, e obtendo con ela o Premio da Crítica Galega de 1993. Desta derradeira obra, escollín

este poema:

NON é Galiza, non, é unha ferida
aberta sempre en rosa de cen follas.
España, mel, pozo sen fondo, terra
que brilla como un lóstrego no paredón do tempo
cada mencer. E vive.
Perdura, si, verquida desde dentro,
teimosa do seu ser, sempre cavando
aínda no sangue que a negou tres veces,
perfurando o amor desde as virillas,
perfurando o amor. Sempre sostendo
esa dor profundísima que proe
como a felicidade.
Iso de non ter límites! Ser ave,
ser cantiga, ser pranto, ser combate,
ser esa permanencia que nos leva
como un río no tempo até a vitoria...

Se ides a Noia, poderedes ver un monumento no seu honor nun parque céntrico. E perto del, no mesmo parque, hai outro busto adicado a María Mariño, tamén nacida en Noia. E, incluso en Ourense, hai un parque adicado a Avilés de Taramancos.

Por Carlos Meixome

Cassandra condenada

No número de marzo das Novas do Eixo Atlántico publiquéi un artigo rotulado "Cassandra apesada". Referíame daquela á moza murciana que ía ser xulgada polos chistes que fixera en twitter sobre Carrero Blanco. Infelizmente o artigo do hoxe ten que levar o título que xa ven.

Cassandra (con dous "s" escribe o seu nome) ten 21 anos. Cando naceu había trinta que Carrero Blanco "ascendera aos ceos", así nos chanceabamos daquela os mozos da idade actual da nosa infortunada protagonista, tanto polo fervor relixioso do almirante como por ocorrer o atentado despois de escoitar misa e comungar, xa que logo en "pleno estado de graza".

Corenta e tantos anos despois do feito a Audiencia Nacional acaba de condenar a rapaza murciana, estudante de Historia, a un ano de cárcere porque os seus chíos son un "descrédito, burla e mofa a unha vítima do terrorismo". Foi xeneroso o tribunal de orde pública, escusen o lapsus, pois a fiscalía solicitaba dous anos e medio de castigo carcerario.

Catro anos despois do feito (1977) houbo unha lei de amnistía que serviu, é certo, para liberar centos de presos políticos, moitos deles "engaiolados" polo goberno dirixido polo almirante das "cellas



mestas", pero tamén, e sobre todo, para absolver os sublevados en 1936 e os dirixentes da ditadura. Cinco anos despois (1978) referendouse unha Constitución para instaurar un novo réxime democrático. Mais as elites perviviron, tamén as xudiciais. A casta da España de hoxe segue a considerar o franquismo lexitimado por dereito de conquista, pola vitoria en 1939.

Alguén entendería que se condenase unha moza alemá por escribir que Hitler se "suicidou ao ver a conta do gas" ou unha italiana por chiar que Mussolini morreu de "fasciste aguda"? Non, verdade? Pero en España condénase unha rapaza por lembrar que Kissinger lle regalou a Carrero un anaco da lúa e ETA pagoulle a viaxe. Ou será porque Cassandra sabe Historia?

Por iso se xulga esta rapaza, condenase e enfástiaselle a vida por trece chistes. Ela mesmo o escribiu no día que coñeceu a condena: "No sólo me quedo con antecedentes, me han quitado el derecho a beca y destrozado mi proyecto de ser docente. Me han arruinado la vida".

No artigo anterior, nun post scriptum a este mozo impulsor de aventuras xornalísticas que é o Guillermo, o meu director, expresáballes as miñas dúbidas de se debía ou non publicar o escrito por se algún deses fiscais o puidesen considerar unha ameaza contra a seguridade cidadá. Agora volveríalle facer esa recomendación que sei nin considerará.

Que non triúne a estratexia do medo



www.novasdoeixoatlantico.com

Redacción O FARELO

O Centro Dramático Galego estreará o 20 de abril a Valle Inclán en galego, con Martes de Carnaval

O equipo artístico e técnico do espectáculo 'Martes de Carnaval' iniciou o primeiro de marzo en Santiago os ensaios da que será a nova produción propia do Centro Dramático Galego (CDG), que suporá ademais a primeira posta en escena en galego das pezas de Ramón María del Valle-Inclán 'As galas do defunto' e 'A filla do capitán'. Con esta montaxe, a compañía pública galega contribúe á incorporación do gran autor arousán ao repertorio teatral en galego no ano en que quedaron liberados os dereitos da súa obra. O 1 de xaneiro de 2017 os dereitos de Valle-Inclán quedaron libres e quedou, polo tanto, sen efecto a prohibición da familia do autor arousán de interpretar en galego, euskara e catalán.

A súa directora artística é a creadora pontevedresa Marta Pazos, quen traballa xa co elenco de 10 intérpretes que foron elixidos para encarnar os máis de 30 personaxes destas dúas obras tras superar un proceso de selección pública ao que concorreron 244



persoas. Trátase de catro actrices (Iria Azevedo, Mercedes Castro, Anabell Gago e María Roja) e de seis actores (César Cambeiro, Miguel Insua, Alejandro Jato, Pablo Rivero Madriñán, Machi Salgado e Sergio Zearreta), con traxectorias dentro e fóra de Galicia que dan conta da versatilidade e experiencia da nosa profesión teatral.

Xunto con eles e co equipo técnico da compañía pública, participan tamén nesta produción Manolo Cortés, na tradución ao

galego; Fernando Ribeiro, no deseño da escenografía; Rui Monteiro, da iluminación; Uxía Vaello, do vestiario; José Díaz e Hugo Torres, na composición da música orixinal; Rut Balbís como asesora de movemento, e Gena Baamonde, na asistencia de dirección, entre outros profesionais.

Logo de case dous meses de ensaios, 'Martes de Carnaval' estrearáse o venres 20 de abril no Salón Teatro, sede do CDG en Compostela.

Xira final de Amigos ata a morte con Touriñán, Amor e Sola


Amigos estreouse en xaneiro de 2009 en Madrid, protagonizada por Jorge Sanz, Melanie Olivares e Javier Veiga. Dende entón, centos de representacións avalan unha obra pola que tamén pasaron actores da talla de Marta Hazas ou Fele Martínez (2011).

No 2012 foi traducida ao euskera baixo o título de Hil Arte Bizi, e percorreu Euskadi con máis de 50 representacións, Puerto Rico ou México estrearon tamén versión desta comedia de Javier Veiga que na primavera de 2015 chegaría a Cataluña, para rematar o ano coa estrea en Galicia da man dos populares actores Xosé A. Touriñán, David Amor e Leticia Sola.

'Amigos' é unha comedia sobre a amizade e o amor, dous ingredientes que todos queremos para

as nosas vidas, pero que como é ben sabido, se se mesturan moitas veces estoupan.

Agora Xosé A. Touriñán, David Amor e Leticia Sola volven aos escenarios coa xira final desta exitosa produción da que se despedirán tralas actuacións no auditorio de Verín o 25 de marzo ás 18 e 20:30h., no auditorio de Vilalba o 31 de marzo ás 21h., no Auditorio de Galicia de Santiago o 1 de abril ás 20:30h., no auditorio de Ourense o 7 de abril ás 21h., no Pazo da Cultura de Narón o 8 ás 20h., no Auditorio de Lugo o 21



ás 21h., no Teatro Afundación en Vigo o 22 de abril ás 20 e 22:30h., no Teatro Colón de A Coruña o 29 ás 20h., e no Teatro Coliseo Noela de Noia o 30 de abril ás 22h.

A Galiña azul do "FalaRedes" estará en 21 concellos ata fin de ano



Representación da Galiña azul de Carlos Casares.

A Galiña azul do "FalaRedes" estará en 21 concellos ata fin de ano

Os concellos do Barco de Valdeorras, Carral, Oleiros, Monforte, A Ramallosa e Xinzo de Limia acolleron as actividades do "FalaRedes", o programa de dinamización lingüística que impulsa a Secretaría Xeral de Política Lingüística, nos concellos da Rede de Dinamización Lingüística (RDL). A actividade 'A galiña azul', unha adaptación que a compañía Ubú Teatro fai do emblemático libro de Carlos Casares, foi a actividade protagonista nestas localidades. A primeira actividade deste "FalaRedes 2017" quere ser tamén unha homenaxe ao autor a quen a Real Academia Galega lle dedica este ano o Día das Letras Galegas: Carlos Casares. A adaptación teatral do libro 'A galiña azul' está pensada para o público entre os 6 e os 10 anos e as súas familias. A obra, publicada por vez primeira en 1968, é un libro de referencia na historia da literatura infantil galega. Contén cinco historias entrelazadas que transmiten valores tan importantes como o respecto pola diversidade lingüística, a importancia das diferenzas ou a liberdade de expresión. Para

iso, a compañía responsable da adaptación, Ubú Teatro, emprega diferentes técnicas, como a narración oral, o uso de monicreques ou o clown. Cada familia asistente recibe, ao final da actividade, un exemplar do libro 'A galiña azul', nunha edición especial para a RDL. Esta actividade poderase gozar esta primavera, en exclusiva, en 21 concellos galegos. Coma sempre a entrada é libre e de balde ata completar a capacidade das salas.

Sexta edición

A sexta edición do programa de dinamización lingüística "FalaRedes" mantén os obxectivos das anteriores de ofrecer propostas de lecer de calidade en galego para todas as idades e de promover, con elas, o uso e mais a valoración positiva da lingua propia de Galicia. Desde o mes de marzo e ata finais de ano, as actividades do "FalaRedes" percorreren os concellos da RDL, unha iniciativa impulsada polo Goberno galego para incidir na promoción do uso da lingua galega desde as administracións local e autonómica que conta con máis de 180 entidades adscritas. Nas cinco edicións anteriores do programa foron preto de 800 as actividades programadas.

Cultura

Redacción Santiago / A CORUÑA

0 8 de maio remata o prazo para solicitar as axudas á rehabilitación dos elementos especiais de madeira e reixas na cidade histórica

O Consorcio de Santiago vai destinar 150.000 euros en axudas para a rehabilitación de carpinterías de madeira e reixas dos inmobles situados no ámbito do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica. Con esta iniciativa búscase mellorar a eficiencia enerxética das vivendas, co consecuente aforro económico para os cidadáns, xunto co seu illamento acústico.

Estas axudas están destinadas a fomentar a rehabilitación, restauración ou reposición daqueles elementos especiais e de interese arquitectónico de madeira como galerías, ventás e portas de entrada aos edificios; e promover a restauración das reixas e pezas de ferro existentes en portais, fiestras e balcóns. Tamén se inclúe a reparación das pedras de soporte deterioradas e das unións aos muros por medio de enchumbados.

Esta é a décima convocatoria do programa, e dende o ano 2006, a Oficina Técnica do Consorcio estudou 356 solicitudes presentadas, das que, ata o de agora, se materializaron un total

de 175. O importe global de axudas concedidas neste período ascende a 935.385,86 euros.

Requisitos para acceder ás axudas

Poderán beneficiarse destas axudas as persoas propietarias, arrendatarias ou aquelas que ostenten algún dereito de uso sobre os inmobles; e as comunidades de propietarios. Os inmobles deberán reunir as condicións suficientes de seguridade estrutural e ser estancos fronte á chuvia, ademais de ter unha antigüidade superior aos 20 anos.

Á hora de avaliar as solicitudes, terán especial consideración os inmobles afectados por contaminación acústica, situados nas zonas declaradas saturadas de ruído polo Concello de Santiago; sempre que coa intervención se consiga unha mellora do illamento acústico do inmovle. Trátase das rúas da Conga, Bispo Xelmírez, San Paio de Antealtares, San Bieito, Vía Sacra, Algalia de Abaixo, Entremuros, Troia, Travesa, praza da Algalia de Abaixo, Cantón de San Bieito, Travesa de San Paio de Antealtares, Fonte Sequelo, praza de Feixoo e



rúa de Abril Ares.

O nivel de ingresos da unidade de convivencia tamén ten relevancia especial nesta convocatoria. Ademais, primarase a incorporación de novos solicitantes, así como a superficie en metros cadrados de carpinterías de madeira ou de reixas. Valorarase o nivel de catalogación ou de interese arquitectónico do edificio ou vivenda e dos elementos singulares sobre os que se actúe. E, por último, darase preferencia

aos inmobles destinados a vivenda e con ocupación permanente.

Os propietarios interesados en concorrer a esta convocatoria deberán presentar as solicitudes e a documentación pertinente no rexistro do Consorcio ou en calquera outro rexistro. A data límite é o día 8 de maio de 2017. Para consultar dúbidas, deberán acudir ás dependencias da Oficina Técnica do Consorcio, situada no número 59 da Rúa do Vilar.

Palestra de Mero e Mini

O vındouro día 7 de Abril (Sexta-Venres), ás 7,30 do serán no local Portas Átabras de Corunha, Baldomero Francisco Iglesias do Barrio (Mero) e Xosé Luís Rivas Cruz (Mini) falarán dentro do ciclo: Língua, Literatura e Naçom. A exposición intitula-se: "A música folk na Galiza".

Mini e Mero é un duo de cantores, formado por Rivas Cruz e Iglesias do Barrio, músicos, poetas, mestres e investigadores do folklore e a cultura tradicionais galegos, membros históricos de Fuxan os Ventos e actuais componentes d'A Quenlla.

Ademais da súa rica produción disco-gráfica com os anteriores grupos, tenhem participado por separado ou conjuntamente noutros discos de música galega, e publicado diversos libros. Assi mesmo é salientável o seu labor de recopilatório de contos, lendas, refráns, ditos ou poemas, principalmente na sua Terra Chá natal e nas zonas onde exercem o seu traballo de mestres. O arquivo sonoro froito deste labor, e composto por milheiros de cintas magneto-fónicas, foi cedido ao Museu do Povo Galego para a súa digitação e incorporación ao Arquivo do Património Oral da Identidade. Os seus libros conjuntos incluem, entre outros: Contos de vellos para nenos, Somos lenda viva. A súa discografía conjunta inclui: Nadal en Galego, Coplas cantos e Romances de cego.

Em Abril de 2009 foi-lhes concedido por unanimidade o "Pedrón de Ouro" como reconhecimento a súa trajectória de quarenta anos de investigación musical.

vase a oferta de espazos visitados: os órganos das igrexas da Compañía, de San Miguel dos Agros, de San Paio de Antealtares e de San Martiño Pinario.

Roteiros pola cidade

A Semana Santa é tamén un bo momento para visitar algún deses pequenos tesouros que esconde a cidade. Este ano ademais cun Tour gastronómico que consistirá nunha visita ao Mercado de Abastos con degustación den viño e unha selección de produtos tradicionais.

Música, gastronomía e eventos para todos os públicos centran a programación para Semana Santa

A concelleira de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo de Compostela, Marta Lois, presentou a programación que o Concello ten prevista para esta Semana Santa, acompañada polo representante da Xunta de Confrarías, Salvador Forján. Neste 2017 vólvese apostar por dous programas que tiveron grande éxito o ano pasado como "Santiago, paixón doce" e "De lugares e órganos".

Marta Lois deu conta das actividades incluídas no folleto municipal, que ademais das accións propias organizadas polo Concello, incorpora as procesións da Xunta de Confrarías. "Así o fixemos xa o ano pasado" engadiu "como facemos con calquera actividade organizada pola sociedade civil".

Actividades gastronómicas

Dende o 31 ata o 3 de abril o

barrio de San Lázaro celebra a súa tradicional Festa da Uña que nclúe a romaría na que se celebra a gran subasta das uñas e na que psrticipan 23 restaurantes, non só do propio barrio senón tamén de fóra que ofrecen o tradicional plato da "Festa da Uña".

Outra das actividades gastronómicas que se desenvolverán é a que leva o nome de Santiago Paixón Doce. A maiores das rosas e os ovos de Pascua, salientan algunhas propostas como tartas, conchas de Santiago, delicias monacais, rosquillas... e unha ampla variedade gastronómica. A segunda edición de "Santiago Paixón Doce", que se celebrará do 7 ao 17 de abril, contará con 29 locais participantes, nove máis que o ano pasado, que incluírán nas súas súas cartas produtos e preparacións doces

tradicionais da Semana Santa.

Os doces típicos poderán tomarse como sobremesa ou incluso na propia barra dos restaurantes e cafeterías. Nesta segunda edición tamén se abriu a participación a outros locais como confeitерías, panaderías ou reposterías.

"Santiago Paixón Doce" está organizado conxuntamente por Turismo de Santiago e a Asociación Hostelería Compostela. Na edición do ano pasado, concibida como un programa piloto, participaron 20 establecementos que serviron máis de 1.300 doces.

Música

O epicentro da oferta musical son os concertos da Banda Municipal de Música e da Real Filharmonía en diversas localizacións da cidade como o Auditorio de Galicia, Teatro Principal ou a

Igrexa de Bonaval.

Todo isto súmase á intensa actividade musical que ten lugar na nosa cidade nestas datas e que coincide con outros ciclos e estilos musicais. Ademais, o Concello organiza por segundo ano consecutivo e, dado o grande éxito da primeira edición, o ciclo De lugares e órganos que permitirá escoitar e gozar da música relacionada co patrimonio artístico da cidade xunto co coñecemento cultural máis profundo da colección organística de Compostela.

Para descubrir os vestixios dunha frutífera actividade arredor do órgano na cidade de Compostela e o rico legado organístico que aínda se conserva nela, propóñense novos itinerarios nos que descubrir algúns dos órganos que integran estas descoñecidas paisaxes. Nesta nova edición renó-

Redacción OURENSE

III edición da carreira de obstáculos en Allariz

Helena Suárez, concelleira de Deportes de Allariz, destacou a importancia da III carreira de obstáculos que volverá a contar coa colaboración do Concello de Allariz.

Nesta terceira edición mudouse algunha parte de percorrido para que os participantes podan contar cos espectadores. Manuel Blanco, director da

proba organizada por Fusión Fitness informou que serán 9,5 quilómetros con 30 obstáculos, que contará con dúas modalidades, unha de elite, clasificatoria para o campionato europeo na que participarán atletas de toda a xeografía, segundo as normas que establece a federación. Así mesmo a carreira contará cunha modalidade popular na

que poderá participar calquera persoa.

A carreira sairá o día 20 de maio da piscina municipal, pola marxe esquerda do río Arnoia, pasando polo Briñal, o Campo do Seixo e Camping e volverá pola marxe dereita do río ata a piscina, un percorrido privilexiado pola Reserva da Biosfera Área de Allariz.



Os burros en Allariz levan gps

Allariz combina as novas tecnoloxías de xeolocalización (gps) con modelos tradicionais de pastoreo en extensivo para manter limpos espazos singulares no marco da Reserva da Biosfera Área de Allariz.

A comunidade de burros que habita en San Salvador dos Penedos, ao coidado da Asociación Andrea, van dotados dun gps que, ademais de permitirles ampliar as áreas de pastoreo, axudará á protección da zona contra incendios.

Este modelo pioneiro, que mestura o tradicional co moderno, busca manter o monte libro de maleza grazas ao traballo dos burros "un equipo especializado que chegan onde non o fan nin cabras nin vacas e sen destruír os límites" di David Lema.



A cidade de Ourense celebra a festa de San Lázaro coa queima das 'madamitas'

A cidade de Ourense celebrará o domingo día 2, a tradicional festa de San Lázaro, que cada ano, quince días antes da Semana Santa, marca a benvinda da primavera.

Durante a xornada do sábado, 1 de abril, e o domingo, 2, estarán instalados arredor do Parque de San Lázaro, os postos de rosquillas e lambetadas, tradicionais desta celebración

As actividades propias da festa serán o domingo. Ás 11.45 h haberá alborada cos gaiteiros



"Gomes Mouro" e cabezudos polas rúas do Paseo, Santo Domingo e parque San Lázaro.

Ás 13:00 horas será a Queima das madamitas a cargo da Pirotecnia Josman.

Allariz organiza o mercadillo do libro vello



O mercadillo do libro vello organizase en Allariz por primeira vez.

O Concello de Allariz, a través da concellería de Promoción Económica, Comercio e Turismo, organiza o I mercadillo do libro vello, co obxecto da dinamización cultural do casco histórico durante a Semana Santa.

Celebrarase na Praza Maior e na Praza de Abaixo de Allariz, o sábado 15 de abril, en horario en horario de 11:00h a

20:00h. Poderán participar no mercado todos os interesados, maiores de idade, a título particular que queiran expoñer e vender os seus produtos sempre que se trate de artigos de segunda man. Ademais reservase un número de postos definido para librarías ou tendas de música que desexen expoñer os seus produtos descatalogados.

Jim Linnell no museo alaricano do coiro

O Museo do Coiro de Allariz celebrou una masterclass con Jim Linnell. Organizado por Tandy Leather, o obradoiro gratuito con aforo de 30 persoas, durou oito horas e combinou diferentes técnicas de repuxado, tinte, relieve e volumen. Con motivo da exposición de arte en coiro "Handmadenot-homemade: coiro, cor e volumen" na Escola municipal de Artes e Oficios de Vigo, o artista estadounidense Jim Linnell visita o país para dar a coñecer a súa arte.

Nacido e criado en EEUU, Jim Linnell está unido ao coiro dende a súa infancia. Con máis de 49 anos de experiencia, a obra de Jim ocupou portadas de revistas especializadas, catálo-



gos e estivo exposta en numerosas galerías. No eido da artesanía do coiro recibiu algún dos premios máis prestixiosos internacionais do gremio: o "Al StohlmanAward", o "Lifetime AchievementAward" e o "Master Leather Artisan Award" da Academia de Artistas do Oeste.

Galicia

Redacción O FARELO

Feijóo destaca a aprobación da nova Estratexia de turismo de Galicia 2020 co obxectivo de seguir batendo récords de visitantes

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, destacou na rolda de prensa do Consello a aprobación da nova Estratexia de turismo de Galicia 2020 co obxectivo de seguir batendo récords de visitantes e preparar o Xacobeo 2021.

Coa finalidade de acadar unha subida dun 21% no número de turistas ata chegar aos seis millóns, ademais de seguir potenciando o turismo internacional ata que chegue a representar un terzo do total -o que se traduce en máis de dous millóns de visitantes estranxeiros-, Feijóo precisou que esta iniciativa contempla un investimento total de 240 millóns de euros para: construír un destino único e diferencial; impulsar unha nova forma de xestión que incorpore a todos os axentes da cadea de valor e que facilite a sustentabilidade sen renunciar a criterios

de rendibilidade económica e social; e mellorar a captación de turistas e a súa fidelización a través dunha oferta segmentada e de calidade.

Sobre a base destes grandes retos, a nova estratexia abordará 11 liñas de actuación que abarcan, a súa vez, un total de 90 propostas de acción: a paisaxe, os recursos naturais e a sustentabilidade; os valores diferenciadores e a súa potenciación; a mobilidade turística; os Camiños como dinamizadores do país; a cooperación na cadea de valor; a rendibilidade; a formación de calidade e profesionalización; a sensibilización sobre o turismo como motor de desenvolvemento; a comercialización; a internacionalización; e a innovación turística e as novas tecnoloxías.

Feijóo subliñou que a paisaxe, os recursos naturais e a susten-

tabilidade será unha das principais prioridades desta folla de ruta, contando co 37% do total do investimento. Deste xeito, as políticas turísticas dos próximos catro anos apostarán polo ecoturismo como elemento tractor do rural galego, a través da creación de novos produtos turísticos vinculados á natureza.

“Nesta liña traballaremos na rehabilitación e posta en valor dos miradoiros galegos, na creación de sendas turísticas senlleiras de especial interese paisaxístico, e no aproveitamento do gran potencial dos Parques Naturais co impulso de paquetes e actividades ecoturísticas na súa contorna”, explicou, ao que engadiu que a Xunta apostará, ademais, pola valorización turística dos cascos históricos, poñendo especial énfase no patrimonio material e inmaterial das cidades e vilas galegas.



O presidente da Xunta na rolda de prensa de Consello

A nova estratexia inclúe, tamén, o desenvolvemento dunha metodoloxía que permita xestionar os altos niveis de demanda turística aos que se ven sometidos determinados recursos. Deste modo, poderase impulsar unha oferta cultural e de ocio para estes puntos e, así, evitar a degradación do patrimonio cultural

e natural de Galicia.

“En definitiva, estamos ante un plan global, integrador, dinámico e dinamizador”, dixo, facendo fincapé en que o obxectivo é converter a comunidade nun destino turístico sustentable, innovador e competitivo, baixo a marca Galicia e baixo a premisa xeral de calidade.

Exposición de Miguelanxo Prado no Kiosko Alfonso

Naugurouse na Sala Municipal de Exposicións Kiosko Alfonso a exposición Miguelanxo Prado. 2003-2016, unha selección dos traballos realizados nos últimos 14 anos polo recoñecido debuxante coruñés e director do Salón Internacional Viñetas desde o Atlántico.

Na exhibición, que permanecerá aberta até o 1 de maio, o público poderá achegarse a obra de Prado a través de traballos seleccionados para a ocasión polo propio autor, como De Profundis, a longametraxe de animación creada polo debuxante con música de Nani García, e interpretada pola orquestra Sinfónica de Galicia; ou a novela gráfica Ardalén, que recibiu numerosos premios internacionais. Na exposición 2003-2016 tamén será posible ver algunhas representacións de obras como Nostalgia de Belo Horizonte, A lingua das bolboretas ou mesmo das que formaron parte da exposición itinerante Miguel EN Cervantes, na que o coruñés foi o responsable da biografía ilustrada do autor de Don Quixote,



e que acolleu o pasado verán o Pazo de María Pita. Das paredes do Kiosko Alfonso tamén pendurarán páxinas do seu traballo en banda deseñada, como Presas fáciles ou A mansión dos Pampín, e os coñecidos Tanxencias ou Quotidianías delirantes.

A colección, que se poderá visitar todos os días, en horario de

de 12.00 a 14.00 horas e de 18.00 a 21.00 horas, supón a continuación da mostra 1993-2003, celebrada con anterioridade no mesmo recinto municipal, e na que se puideron atopar exemplos de obras recoñecidas do impulsor do salón do cómic coruñés, como Trazo de Tiza, Toca Madeira ou O xabril branco.

Exposición do fotógrafo Kiko Delgado no CTB de Ferrol



Na Sala de Proxectos do Centro Cultural Torrente Ballester (CTB) de Ferrol, expónse a obra do fotógrafo ferrolano Kiko Delgado onde se poderá visitar, cando menos ata maio.

Mar é o nome da mostra fotográfica que asina Delgado e que se compón de preto de medio cento de imaxes en branco e negro tomadas, na súa totalidade, nas praias da costa do Concello de Ferrol, explicaba esta mañá o seu autor, é unha visión moi íntima e unha aposta persoal que fuxe

das estampas clásicas de mar e area para ofrecernos outra visión do mar e da area, en rochas, crebas, espuma, salitre, vivos, conchas e tamén, o lixo que ensucia a costa.

O Concello editou medio milleiro de catálogos de 'Mar' que estarán a disposición dos visitantes da mostra e que conta co prólogo do escritor Antón Cortizas, amigo persoal de Delgado, que quixo regalar unhas palabras. “Quen mira o mar con ollos de sede, sabe que o mar ten moitos horizontes”, inicia o prólogo.

Por Francisco Puñal Suárez

Ramón Rodríguez Palleiro, de Aulas Tecnolóxicas m8factorial

A importancia dunha aula dixital

Ramón Rodríguez Palleiro, "Moncho do Orzán" (A Coruña, 1985) é un mozo inquedo e preocupado pola cultura galega, a música deste país e tamén pola docencia das novas tecnoloxías dixitais.

Formouse no mundo da gaita da man dos mestres Raúl Galego e Ricardo Santos. Foi vogal da Asociación de Gaiteiros nos anos 2004 e 2005. Antigo membro do quinteto Os Cataventos e do grupo folque Barallete. Tamén ten colaborado musicando espectáculos coa Compañía Femme Fatale e co Grupo de Teatro da A.C. Alexandre Bóveda. É corista, actor e arquivista de Cántigas da Terra. Investiga o pasado e o presente dos Coros Galegos, poñendo de relevancia a súa importancia dentro da cultura propia. Forma parte, ademais, do colectivo poético-musical In Nave Civitas e actualmente estuda cuarto curso do Grao Profesional de Acordeón.

Gradouse en Enxeñaría Técnica de Telecomunicacións pola Universidade de Vigo e agora, coa creación das Aulas Tecnolóxicas m8factorial, radicada na Rúa do Socorro 55, na Coruña, tamén emprega a docencia como unha arma de futuro para esperar a arela de coñecemento en nenos, mozos e adultos.

Moncho, cales son os obxectivos de m8factorial?

Cando os meus pais e avós

eran cativos construían os seus propios xoguetes, no entanto eu xa fun de mercales feitos. Por iso un dos obxectivos de m8factorial é que as novas xeracións volten construír e crear de cero brinquedos novos, incorporándolles elementos da tecnoloxía do século XXI, como a robótica. Este camiño permítenos situar a creatividade como eixo da aprendizaxe. Fronte a obriga memorística imposta nos plans de ensino reglado, nós propoñemos a experimentación como o camiño lóxico para aprender: interactuar, emocionarse e, polo tanto, lembrar.

Que tipo de obradoiros impartides?

Para os máis novos (6-9 anos) temos a Factoría de Inventos, un espazo para coñecer os principios básicos da ciencia e da matemática: desde facer xirar un motor homopolar até facer bailes cos graos da circunferencia! E, por suposto, construímos xoguetes con materiais da natureza para logo programalos e movelos mediante puzzles, como un brazo robótico en madeira con motores.

Dos 10 anos en diante, o alumnado pode escoller entre robótica & gadgets e programación de videoxogos. En robótica afondamos na construción de artefactos saídos do maxín colectivo, empregando tecnoloxía reciclada (motores de impresoras vellas, ordenadores en desuso, imáns de microondas,



Ramón Rodríguez Palleiro na súa aula dixital

etc). En programación creamos un videoxogo completo, realizando guiados e en equipo todo o proceso creativo: guiión, deseño gráfico, código e presentación.

Cales son aqueles dos que as nenas e nenos máis gustan?

Certamente hai para todos os gustos. Hai quen prefere crear unha aventura e debuxala para logo incluíla nun videoxogo e a quen lle presta inventar e construír novos trebellos robotizados. Até o momento, aquel que máis éxito atinxiu foi a arpa láser: un marco de madeira con láseres que ao interromper o paso de luz fan soar cadansúa nota asociada, un instrumento musical tecnolóxico e artesán a un tempo.

Por que é importante, ao teu ver, fomentar este tipo de

ensino?

Principalmente porque contribúe, como xa comentei antes, a unha aprendizaxe non memorística (senón emocional), baseada na experimentación. Ademais, dado que o noso presente está cheo de desafíos científico-técnicos e socio-culturais, cómpre formar novas xeracións con sólida formación humanista onde a ciencia e a tecnoloxía, empregada no ben común, son a cerna no progreso da sociedade. Nesta liña de pensamento fomentamos o software e hardware libre, a reciclaxe, a construción con materiais da natureza, o coitado e o coñecemento do entorno e outros aspectos esenciais como a integración ou a diversidade lingüística (incluíndo a lingua de signos).

Que próximos obradoiros ides realizar?

Cara o verán organizaremos, entre outros, un obradoiro de construción de instrumentos musicais tanto artesanais como impresos en 3D e tamén cursos para formación do profesorado en robótica e programación.

Como compatibilizas a túa faceta como músico e estudante de acordeón con esta actividade docente?

Unha boa planificación, constancia e unhas enormes ganas de estar sempre coa mente activa son claves para combinar as distintas facetas. Se ben a docencia esixe xerar novos contidos arreo e a música demanda regularidade, ambas en complemento establecen unha sinerxia máxica para o fomento da creatividade.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B • 36860 PONTEAREAS • T. 986 66 00 00 • F. 986 66 01 03

Cultura

Redacción O FARELO

V Ciclo de Música Contemporánea MIHL Sons-XXI

Este ciclo de música, que terá lugar entre o 4 de abril e o 2 de maio en Lugo, no Museo Interactivo da Historia, na Casa do Saber e no Conservatorio Profesional de Música Xoán Montes, ten como obxectivo dar a coñecer anualmente ao público lucense unha mostra representativa das distintas tendencias da música contemporánea, facendo fincapé nesta edición sobre a música actual en Europa. O ciclo inclúe conferencias, concertos, un espectáculo de danza e un obradoiro. Todos eles son de entrada libre e gratuíta ata completar aforo.

As conferencias-concertos comezarán o martes 4 de abril, na Casa do Saber, cunha exposición sobre a complexidade e

neotonalidade. Posteriormente, o martes 18 de abril, tamén nestas mesmas instalacións terá lugar a conferencia O amplo abano da sonoridade: do silencio á saturación plena, e o martes 25, Novos horizontes na arte sonora: retroespectiva e actualidade, no MIHL. A última conferencia será o día 2 de maio, tamén no MIHL, baixo o título Camiños Interiores e Camiños Abertos. Todas elas terán lugar ás 20:00 horas, e unha vez rematadas, celebrárase un concerto. En total terán unha duración de dúas horas.

O martes 7 de abril ás 20:30 horas, no MIHL, o alumnado do Conservatorio Profesional de Música Xoán Montes ofrecerá o concerto Autorretrato, e o ven-

res, 21 de abril, o grupo de percusión deste conservatorio e o de danza do Conservatorio de danza, ofrecerán o espectáculo Six Japanese Gardens.

O concerto didáctico para escolares A improvisación: unha ferramenta de creación musical, será o venres 7 de abril, a partir das 11:00 horas no MIHL. Asistirán 4 institutos de Lugo e uns 150 alumnos e alumnas.

Este ciclo de música inclúe tamén un obradoiro de libre improvisación musical, o día 6 de abril, de 17:00 a 20:00 horas, no Conservatorio Profesional de Música Xoán Montes. Está dirixido a 20 rapaces e rapazas, que ao día seguinte no concerto didáctico interpretarán unha peza.



O grupo de danzas Queixumes dos Pinos cumpre 23 anos

A asociación folclórica de exaltación e fomento da cultura galega Queixumes dos Pinos inaugurou a súa nova sede, emprazada na rúa Nosa Señora da Saínza da capital ourensá, logo de permanecer máis de 20 anos no barrio do Couto. A delegada territorial da Xunta en Ourense, Marisol Díaz Mouteira, asistiu, acompañada da xefa territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Luz Fernández Quintas, ao acto de inauguración que contou coa presenza de numerosas personalidades da vida social, cultural e política ourensá. Díaz Mouteira recoñeceu publicamente o labor desenvolvido por este grupo de danzas a prol do folclore tradicional galego e desexoulle moitos éxitos nesta nova etapa que comeza, coincidindo co traslado do seu local.

Pereiro de Aguiar

Queixumes dos Pinos naceu no ano 1994 no concello ou-

rensán de Pereiro de Aguiar. Na actualidade, o grupo conta cunha escola de danza formada por 300 alumnos de diferentes idades e niveis, e imparte as súas clases en distintas asociacións da capital ourensá e da súa provincia. O grupo titular desta agrupación folclórica está formado por 45 componentes, con idades comprendidas entre os 14 e os 35 anos. Deles, 7 forman o corpo musical e 38 o grupo de danza. Ademais, contan cun grupo de 18 pandereteiras e pandereteiros.

Segundo o director deste grupo de danzas, Xosé Antonio Viñas, desde as súas orixes ata a actualidade, máis de dous mil alumnos aprenderon os segredos do folclore tradicional galego e contribuíron a difundilo por numerosos países do mundo. O acto de inauguración contou cunha actuación de Queixumes dos Pinos e de Sons do Miño, ademais dunha representación teatral.

A Deputación de Lugo estuda a recuperación da Vía Rexia do Norte

Darío Campos Conde, presidente da Deputación de Lugo, presentou a representantes de concellos de Galicia e Asturias os primeiros traballos que está a elaborar a Deputación xunto a especialistas na materia sobre o trazado histórico da Vía Rexia do Norte. Campos Conde presentou no municipio pontenovés a parte correspondente ao treito dende Lugo á Pontenova mentres o organismo provincial segue a avanzar no de A Pontenova-Vegadeo para culminar o estudo do trazado completo desta Vía. O goberno da Deputación e alcaldes de concellos galegos e asturianos defenden a recuperación da Vía Rexia do Norte, así como o seu recoñecemento oficial por parte da Xunta de Galicia como ruta histórica de peregrinación a Compostela, dentro do Camiño Norte a Santiago, que conta coa declaración de Patrimonio da Humanidade da UNESCO.

A parte do estudo finalizada e presentada por Campos Conde fai unha análise sobre o trazado histórico do treito Lugo-A Pontenova. Mantén que a Ruta de Abres é a variante máis antiga do



Reunión celebrada no Concello de A Pontenova.

Camiño do Norte que entra en Galicia dende o Río Eo e discorre polo Camiño Real de Meira, achegando aos camiñantes á cidade de Lugo. Con todo, este camiño é o único de todas as alternativas xacobeas que non obtivo recoñecemento oficial, xa que non se incluíu no decreto de delimitación oficial da Ruta da Costa (DOG do 23 de decembro de 2014). Do mesmo xeito, tampouco se oficializou o Camiño Real de Meira no decreto de delimitación do Camiño Primitivo (DOG do 31 de de-

cembro de 2012).

O estudo apunta que a pesares da falta de sinalización, esta ruta estase a consolidar entre os camiñantes que se achegan a Lugo. Tras a presentación dos primeiros resultados deste estudo, asinaron convenios de colaboración intermunicipal para traballar conxuntamente dende os concellos de Galicia e Asturias na procura de financiamento para a elaboración dun proxecto técnico de recuperación e protección da Vía Rexia do Norte.

Redacción OURENSE

Os poetas mindonienses serán os protagonistas de 'No bico un cantar'

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Consello da Cultura Galega poñen en marcha a quinta edición de 'No bico un cantar', unha iniciativa na que a música e a poesía cobran protagonismo nas voces dos alumnos e das alumnas dos conservatorios profesionais de música de Galicia e que este ano renden lles homenaxe aos poetas mindonienses. O conselleiro de Cultura e Educación, Román Rodríguez, e mailo presidente do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares, presentaron a actividade, que terá lugar en Mondoñedo o vindeiro día 2 de xuño, cun concerto no que un coro de rapaces e de rapazas dos conservatorios profesionais de música cantarán os versos de Álvaro Cunqueiro, de Antonio Noriega Varela, de Xosé Díaz-Jácome, de Manuel Leiras Pulpeiro e de Aquilino Iglesia Alvariño.

O coro estará acompañado polo quinteto de metais 'Hércules Brass', e baixo a batuta do director Maximino Zumalave, que tamén participou no acto, xunto co secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo; coa alcaldesa de Mondoñedo, vila que acolle a edición deste ano, e coa vicepresidenta do Consello da Cultura Galega, Rosario Álvarez. Na súa intervención, Román Ro-



Cultura e o Consello da Cultura Galega poñen en marcha a quinta edición.

dríguez, subliñou a importancia deste evento na medida en que reforza o papel educativo da música e da literatura; que contribúe a fomentar a educación en valores como o traballo en equipo, a responsabilidade e a solidariedade; e que axuda a espallar a cultura e a lingua galegas a través dos seus autores máis representativos. O conselleiro aludiu tamén a que 'No bico un cantar' se inspira na tradición dos xograres medievais, a través do diálogo entre a música e poesía; e lembrou que precisamente un dos cumios da literatura galaico-portuguesa, o Pergamiño Vindel (que recolle as sete cantigas de amigo de Martín Códax), vai estar exposto a partir deste outono no Museo do

Mar de Galicia, en Vigo.

Seis poemas cantados

Nesta edición interpretaranse seis pezas doutros tantos autores en versión para coro de nenos e sexteto de metais de Juan Durán para o Consello da Cultura Galega. Trátase dos poemas 'No niño novo do vento', de Álvaro Cunqueiro e con música de Luis Emilio Batallán; 'As froiñas dos toxos', de A. Noriega Varela e musicado por Eduardo Toldrá; 'O neno durmía', de Xosé Díaz-Jácome e música de Antonio Paz Valverde; '¡Non o sei!', de Manuel Leiras Pulpeiro e Nico Casal como compositor; e 'Neniae', de Aquilino Iglesia Alvariño e tamén musicado por Nico Casal. Coma en todas as edicións, o coro pechará o concerto coa interpretación de 'Maio longo', de Rosalía de Castro, e con música de José Baldomir. Coma todos os anos, estímase unha participación de preto de 500 nenos dos conservatorios profesionais de música da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo; do coro Ángeles de Compostela da Escolanía da Catedral de Santiago; do Coro de nenos da Orquestra Sinfónica de Galicia; e tamén están convidados os alumnos dos conservatorios profesionais de Viveiro e de Vilalba e das escolas de música municipais de Ribadeo e Mondoñedo. 'No bico un cantar' púxose en marcha en 2013, en homenaxe a Rosalía de Castro cando se cumprían os 150 anos do seu nacemento, e tivo lugar en Santiago. A partir de aí, as seguintes edicións estiveron dedicadas a Manuel Curros Enríquez (celebrada en Celanova), a Ramón Cabanillas (que tivo lugar en Cambados) e aos trobadores (en Cangas).

Rocío López presentou a súa novela Olvídate del cielo

A escritora Rocío López Núñez, presentou o libro Olvídate del Cielo, a terceira novela policíaca da autora lucense. A deputada de Benestar, Sonsoles López Izquierdo, subliñou que "sempre é un motivo de orgullo acoller novos proxectos de lucenses que aportan un valor engadido á nosa cultura. Nesta novela de máis de 400 páxinas os lectores atoparan suspense, moi-tísima acción, persecucións e intriga, ingredientes que se combinan en capítulos curtos para un maior dinamismo e con flashback para buscar no pasado as claves do presente".

Pola súa parte, Rocío López explicou que "é unha novela moi dinámica, coa que o lector se vai a enganchar dende a primeira páxina. A labor fundamental que temos os escritores é poder trasladar ao lector a un mundo imaxinario por medio da nosa

palabra, e con esta novela penso que se consegue plenamente".

Rocío López Núñez, naceu en Monseiro, Láncara na provincia de Lugo en 1974. Unha infancia rodeada de libros foi o sinal máis claro do que estaría por chegar. Aínda que a súa vida profesional encamiñouse cara a outros ámbitos, sempre soubo que tarde ou cedo acabaría unida á súa gran paixón: a literatura. Diplomada en Educación Primaria pola Universidade de Santiago, casada, nai de tres fillos e apaixonada polas series policíacas e de suspense, decidiu finalmente atopar o tempo e a dedicación necesaria para facer realidade unha das súas metas: escribir unha novela de suspense. Despois do tremendo éxito alcanzado coa súa primeira novela Nunca volveras a Pikeville, Rocío publicou unha segunda parte baixo o título de Lardoa de vidas.



Acto de presentación da novela policíaca.

Florencio de Arboiro



O artista ourensán Florencio de Arboiro tén aberta no Centro do Viño de Monforte unha exposición dos seus traballos en bronce e madeira.

Florencio Martínez Vázquez tamén mantén exposición permanente no parador de Santo Estevo de Ribas de Sil, Concello de Nogueira de Ramuín (Ourense).



Libros

Redacción MADRID

Presentado na Casa de Galicia o libro "Restaurante Verruga: historias y recetas", que rememora o vivido no local lucense

A obra, escrita por Miluca Real Vázquez e Luis Latorre Real, contén o receitairo do Verruga



Hai pouco máis dun ano, tras case 65 anos de servizo, que o Restaurante Verruga de Lugo pechou as súas portas por xubilación dos seus propietarios e hoxe presentouse na Delegación da Xunta de Galicia en Madrid/Casa de Galicia o libro "Restaurante Verruga: historias y recetas" que rememora o vivido no popular local lucense, polo que pasaron presidentes de goberno, como Adolfo Suárez, e artistas de renome, como o actor Charlton Heston. Unha obra de recordos que contén o receitairo do Verruga e foi escrita por Miluca Real Vázquez e Luis Latorre Real, que tamén a editou, e prologada polo xornalista José María Carrascal. Unha parte dos beneficios que xeren as súas vendas destinaranse á Asociación de País ou Titores de Persoas con Discapacidade Intelectual de Lugo (ASPNAIS).

No acto interviñeron Miluca Real Vázquez, Luis Latorre Real, o xornalista José María Carrascal e a coordinadora de Actividades Económicas da Casa, Ana Rodríguez, que o fixo en nome do delegado da Xunta de Galicia e director da Casa de Galicia, José Ramón Ónega, tamén lucense.

Rodríguez apreciou que os autores do libro, "utilizando o local como protagonista, quixeron reflectir unha parte moi interesante da historia de Lugo e dos lucenses que foron clientes da casa". Resaltou así mesmo a gastronomía da provincia de Lugo como unha das súas grandes excelencias -así como de toda Galicia- que "permite imaxinar todas as cousas boas que rodean o acto para

comer: as viaxes, a compañía dos amigos, o coñecemento de novas persoas e novos lugares".

Miluca Real Vázquez fixo un repaso pola traxectoria do restaurante, baseada na tradición culinaria galega e na calidade do produto. A historia do Verruga foi a da súa familia, a súa nai Emilia Vázquez -fundadora do restaurante xunto ao seu marido Cándido Real- e a do matrimonio formado pola propia Miluca e o seu esposo Luis Latorre, que estivo 40 anos vinculado ao negocio desde o mesmo día da súa voda.

Tivo un emocionado recordo para todo o persoal do Verruga que durante tantos anos colaborou no éxito do restaurante e fixo unha especial mención a Carlos Rodríguez, o que foi cociñeiro do prestixioso restaurante Currito da Casa de Campo de Madrid, mestre e amigo que axudou notablemente ao éxito do Verruga e á súa renovación.

Carrascal, que viviu en Lugo durante anos na súa infancia, referiuse á dificultade que entraña destacar no ámbito no que o fixo o Restaurante Verruga, o da restauración de Lugo, debido á tradición, a oferta, a pericia e a competencia que nese campo reúne a cidade. Rememorou o local como punto de encontro e lugar de longas reunións ao redor da mesa e enzalou a comida tradicional fronte a novas tendencias como "o resultado de facer os alimentos naturais o máis saborosos e dixestivos posible, realzando os seus sabores naturais sen que haxa maneira de confundilos".

Presentado en Hamburgo "Estirpe de navegantes", bitácora poética de María Ester Alonso Morales

A autora do libro editado por Novas do Eixo Atlántico nos envía esta reseña do acto

Overnes 24 de marzo, a 41 anos do Golpe Militar en Arxentina presentamos o libro "Estirpe de Navegantes" na Tertulia Literaria "El Butacón", que se da cita na Torre de Filosofía da Universidade de Hamburgo. Anteriormente xa se tiña presentado en Mar del Plata e Bos Aires.

A anfitriona da noite Gesine Mariona fixo unha introdución resaltando os 25 anos que levan a soste este espazo literario, dous vermes ao mes e onde xa se presentaron 51 libros. A aula estaba chea, inmigrantes latinos, españois e alemáns que comparten o gusto pola nosa cultura e idioma. Entre eles arxentina/os cunha historia en común de ausencias e exilio. Distintas idades entre público, xente recén chegada ou que leva unha vida aquí, todos con historias com-

partidas de migración e despedidas. Familias partidas co océano de por medio.

Ao comezo mencionei as mulleres que fixemos este libro: Margarita Merbilhaá co seu prólogo, Montserrat Rodríguez Álvarez cunha tradución ao galego impecable e Neus Morán Gimeno cun traballo artesanal nas imaxes e ilustracións que acompañan este precioso libro. Recitei algúns poemas mentres proxectabamos imaxes do libro na pizarra.

Na fin, intercambiamos experiencias, preguntas, respostas e asinei exemplares. Tamén levaron exemplares do xornal mensual Novas do Eixo Atlántico (xornal galego-portugués que se edita en Ponteareas e cubro todo o espazo xeográfico de Galicia e Norte de Portugal).

A poesía faime feliz!

María Ester, escritora e autora do libro.



A programación cultural de primavera de Tomiño comeza o día 1 de abril co III Encontro Minho-Galiza

A exposición de pintura “Espantallos do Vento no Camiño” permanecerá aberta no mercado municipal durante o mes de abril

Chévere, porá en escena “As fillas bravas”, e Teatro Lope de Vega levará ao auditorio de Goián, “Pai non hai máis que un”

Co mes de abril chega a programación cultural de primavera organizada polo Concello de Tomiño, coa colaboración da Deputación Provincial.

A primeira das propostas terá lugar o día 1 de abril, co III Encontro Minho-Galiza, un debate sobre a música galego-portuguesa e das palabras que transporta para a interculturalidade e a identidade da lingua, organizado pola Universidade do Minho (Braga) co apoio do Concello de Tomiño, Xunta de Galicia, Radio Municipal de Tui e Radio Universitaria do Minho. O encontro terá lugar no Auditorio de Goián, Tomiño, desde as 11h (10h.PT), e participarán no debate sobre música o gaiteiro de Vila Real Ricardo Almeida, o director da Radio Municipal de Tui José Font, o Maestro da Banda Musical de Monção José Vicente Simeó así como os cantores e compositores Ses, de Galicia e Pedro Abrunhosa, de Portugal. Contarán coa participación da Escola de música de Tomiño. A entrada é de balde.

Asemade, o mercado municipal acollerá tamén a partir do 1 de abril, a exposición “Os Espantallos ao Vento no Camiño”, na que participa unha vintena de artistas luso-galaicos. A mostra, con máis de 20 artistas galegos e portugueses, forma parte do proxecto “Retorno

dos coidadores das hortas ao Camiño de Inverno”, do rosaleiro Manuel Estévez, e conta coa colaboración do artista tomiñés Basilio Calzado.

O sábado 8 de abril, haberá teatro con Producións Excéntricas e a súa obra “Os amores de Jaques o fatalista”. Será no Auditorio de Goián ás 22.00 horas. Entrada 5 euros, que se poderá adquirir na taquilla unha hora antes da función.

Teatro tamén o sábado 22 de abril, con Avento Producións e “Como sobrevivir a unha apocalipse zombi”. Auditorio de Goián. 22.00 horas. Entrada 3 euros.

Seguindo coa programación cultural de primavera, Producións Chévere traerá “As fillas bravas”. Auditorio de Goián. 22.00 horas. Entrada 5 euros.

O mércores 17 de maio, Día das Letras Galegas, adicado a Carlos Casares, a Agrupación Musical de Goián ofrecerá un concerto ás 12 do mediodía, e haberá obradoiros e venda de libros na Praza do Seixo.

O venres 19 de maio, Luis Bará presentará o seu libro “Non des a esquecemento”. Será no mercado municipal ás 21.00 horas.

Por último, o sábado 20 de maio, pechará a programación de primavera o Teatro Lope de Vega, con “Pai non hai máis que un”. Auditorio de Goián. 22.00 horas. Entrada 2 euros.

Primavera Cultural

Abril

- 1 de Abril**: III Encontro Minho-Galiza. Encontro sobre a música galega, portuguesa, e o tempo ABELHOSA (Galego-portugués). Universidade do Minho. Auditorio de Goián. 11h-14h. 10h-13h. (Entrada de balde)
- 8 de Abril**: OS AMORES DE JACQUES O FATALISTA. Producións Excéntricas (Madrid). Auditorio de Goián | 22.00 h. Entrada 5€.
- 22 de Abril**: COMO SOBREVIVIR A UNHA APOCALIPSE ZOMBI. Avento Producións (Madrid). Auditorio de Goián | 22.00 h. Entrada 3€.

Maio

- 13 de Maio**: AS FILLAS BRAVAS. Grupo Chévere (Lugo). Auditorio de Goián | 22.00 h. (Entrada 5€)
- 17 de Maio**: LETRAS GALEGAS CARLOS CASARES. CONCERTO AGROPACIÓN MUSICAL GOIÁN | 12.00 h. OBRADOIROS. VENDA DE LIBROS. Praza do Seixo.
- 19 de Maio**: NON DES A ESQUECIMENTO. Luis Bará. Presentación libro. Mercado de Tui | 21.00 h.
- 20 de Maio**: PAI NON HAI MÁIS QUE UN. Teatro Lope de Vega. Auditorio de Goián | 22.00 h. Entrada 2€.

Nota: A venda de entradas será ao longo de toda a programación.

Colaboradores: Concello de Tomiño, DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.

Novas da Raia

Redacción O FARELO

Lançado Programa “Valorizar o Património”

A Câmara Municipal de Viana do Castelo vai promover o programa “Valorizar o Património” que, numa primeira fase, vão privilegiar alguns edifícios que apresentam algumas condições de risco ou desadequadas, designadamente risco de colapso físico, acesso e circuito condicionados, obras de arte em avançado estado de deterioração, ausência de conteúdos e sinalética.

Assim, estão já identificados para integrar este programa oito espaços, que apresentam necessidades avaliadas em 300 mil euros, designadamente: Igreja de S. Domingos, Capela de Nossa Senhora da Agonia, Capela de Santa Catarina, Capela das Malheiras, Igreja de S. Pedro de Serreleis, Igreja de S. Tiago de Castelo de Neiva, Cruzeiro de Santa Marta de Portuzelo e Cruzeiro de Nosso Senhor da Saúde (Vila de Punhe).

Neste contexto, este programa abrangente de valorização de Património construído, tem por objetivo qualificar espaços de valor arquitetónico, histórico e artístico relevante para o território; dinamizar o potencial cultural destes espaços enquanto locais privilegiados de



fruição cultural; e promover e valorizar os espaços referidos enquanto locais de visita e atratividade turística.

Os diferentes apoios, a ser protocolados com as diferentes instituições, tem ainda previstas ações de fruição cultural de carácter diverso (concertos, visitas guiadas), de modo a abranger diferentes públicos. Este programa tem em conta que o Património Cultural de um território constitui a mais importante marca identitária do mesmo e que a conservação, recuperação, valorização ou divulgação deste torna-se um imperativo e também um dever para com os vindouros na trans-

missão de uma herança verdadeiramente fundacional, para além de desempenhar um papel fundamental no desenvolvimento policêntrico dos territórios e na coesão territorial. De lembrar que o Património Cultural Religioso e Monástico assume particular relevância no concelho pela antiguidade, pela exceção da arquitetura e da arte integrada, pelo testemunho de outras épocas e de outras mentalidades e porque se configuram como locais de enorme potencial para o conhecimento da ciência e da cultura.

Concerto de Voces de Arrieiro, de Ponteareas, e Os Teimosos na Exposição da Camélia em Monção



Nos dias 08 e 09 de abril, as camélias inundam o Cine Teatro João Verde, no concelho de Monção, numa exposição que pretende proporcionar um encontro entre admiradores e produtores

desta planta aromática e ornamental. Neste fim-de-semana será realçada a importância do cultivo desta planta, prevendo-se ainda animação musical com “Os Teimosos” e “Voces do Arrieiro”, expo-

sição de pintura e cerâmica artesanal de Patricia Oliveira e Joana Degues e workshop de desenho e técnicas de impressão sobre camélias orientado pelo Ateliê Flor Agreste. Entrada é gratuita.

Convocado o X Premio de Poesía Victoriano Taibo

Por décimo ano consecutivo, o Concello de Gondomar, en colaboración co Instituto de Estudos Miño-ráns, comprácese en convocar unha nova edición do premio de poesía que pretende honrar a figura de Victoriano Taibo, poeta das Irmandades da Fala, mestre galeguista, creador de dúcias de artigos sobre a lingua e sobre feitos e personaxes galegos, narrador, membro da Real Academia Galega e do Instituto Histórico do Minho, persoeiro, en fin, de méritos acreditados e fondamente comprometido coa lingua e a cultura galegas.

Convocado o X Premio de

Poesía Victoriano Taibo dirixidos a poetas en lingua galega, os que queiran achegar as súas obras terán que facelo antes do 31 de xullo de 2017.

O premio instituíuse no ano 2008 co mecenado inicial da Entidade Local Menor de Morgadães que, en 20015, a través do novo equipo de goberno resultante das últimas eleccións, eliminou unilateralmente o compromiso adquirido, e a continuidade do premio quedou garantida polo concello de Gondomar, que asumiu o meceda maneira o acervo literario galego incrementouse con 10 novos poemarios de 11 autores.

"Ama-San" da portuguesa Cláudia Varejão gañadora do Play-Doc



A película Ama-San, da portuguesa Cláudia Varejão, é a gañadora da 13ª edición de Play-Doc Festival Internacional de Cine Documental. Así o decidiu esta noite o xurado da sección oficial, que valorou “a creación dun traballo impecable sen imaxes superfluas ou editorializantes”.

“A película logrou condensar o que calquera cineasta desexa retratar, a través dunha extraordinaria fotografía, un ritmo pausado e un modesto control, que encaixa perfectamente co recoñecemento aos seus protagonistas”, destaca a acta do xurado, formado por Carmen Gray, Jake Perlin e Philippe Azoury. O xurado destacou o complicado que foi realizar unha selección entre cinco películas de tan alto

nivel, algo que non é fácil de atopar en ningún dos festivais nos que participaron como xurados.

Varejão realizou este mesmo sábado en Tui a estrea en España desta a súa primeira longametraxe, n que se aproxima á historia de Matsumi, Mayumi e Masumi, tres mulleres que mergullan diariamente a pulmón en Wagu, un pequeno pobo pesqueiro da península xaponesa de Ise, para arrincar a orella de mar das rocas. As Ama-San practican a pesca de mergullo desde fai máis de 2.000 anos. Ama-San competía con outras catro películas: Omar y Gloria, de Jimmy Cohen; Le Concours, de Claire Simon; Libera Nos (Liberami) e El futuro perfecto, de Nele Wohlatz.

Redacción O FARELO

Vinte e sete Festival de Teatro 2017

OVinte e Sete vai já na sua 13.ª edição. Durante cerca de um mês, Vila Real e Bragança apresentam 14 produções teatrais, num programa ecléctico que inclui grandes clássicos da dramaturgia universal e criações eminentemente contemporâneas. O festival tem sido ao longo de mais de uma década uma mostra do teatro que se faz em Portugal e 2017 não é uma excepção. Vários géneros e abordagens estéticas estimulam o público a circular entre as duas cidades e convidam os visitantes a descobrir a região a partir da sua oferta cultural.

Uma mostra de teatro de qualidade em português. Um festival para todos os públicos



CALENDÁRIO

QUI 30	MAR 21h30	BRAGANÇA	'CANTO DO PAPÃO LUSITANO' - T. DA GARAGEM
SEX 31	MAR 10h30/15h00	BRAGANÇA	'A VER NAVIOS' - S. A. MARIONETAS
SEX 31	MAR 21h30	VILA REAL	'ROMANCE DA ÚLTIMA CRUZADA' - VISÕES ÚTEIS
SAB 1	ABR 21h30	VILA REAL	'STAND DOWN' - ANGEL FRAGUA
SAB 1	ABR 21h30	BRAGANÇA	'A VIDA COMO ELA É' - TEATRO DA GARAGEM
SAB 8	ABR 21h30	VILA REAL	'SUBTERRÂNEO' - AO CARO TEATRO
SAB 8	ABR 21h30	BRAGANÇA	'TERRA SONÁMBULA' - ESTE - ESTACÃO TEATRAL
QUI 12	ABR 21h30	BRAGANÇA	'ELECTRA' - COMPANHIA DO CHAPITO
QUI 13	ABR 11h00/15h00	BRAGANÇA	'DAMA PÉ DE MIM' - ANA MADUREIRA
QUI 13	ABR 21h30	VILA REAL	'ELECTRA' - COMPANHIA DO CHAPITO
SAB 15	ABR 16h00	VILA REAL	'NUNCA' - TEATRO DE MARIONETAS DO PORTO
QUI 20	ABR 21h30	BRAGANÇA	'CÂNTICOS DE BARBEARIA' - NARRATIVENSÃO
SAB 22	ABR 21h30	VILA REAL	'REI LEAR' - ENSEMBLE - SOCIEDADE DE ACTORES
SAB 22	ABR 21h30	BRAGANÇA	'VARIACÕES, DE ANTONIO' - BUZICO P. ARTÍSTICAS
QUI 27	ABR 21h30	BRAGANÇA	'SARNA' - ASSÉDIO TEATRO

‘Dias de Caça’ chegam a Vila Nova de Cerveira

Na sinopse, pode ler-se: “O gesto do documentário observacional implica, por vezes, ficar à espera muito tempo até que o objeto a filmar se coloque no lugar exato para ser enquadrado com a mira da objetiva. No Vale do Minho, vários homens continuam a vaguear pela serra até conseguirem capturar as suas presas. A estes dois fenómenos, poderíamos chamar de caça. Vamos caçar os caçadores do Vale do Minho com uma câmara para podermos ver se é mais difícil apanhar um javali ou conseguir enquadrar um coelho para o poder mostrar, um dia mais tarde, no cinema”. A estreia dos ‘Dias de Caça’ em Vila Nova de Cerveira está marcada para esta quinta-feira, 30 de março, com espetáculo na Junta de Freguesia de Loivo, pelas 21h00; segue-se o Cineteatro de Cerveira, na sexta-feira pelas 21h30; no dia 1 de abril no Centro de Cultura de Campos, pelas 15h30; e no último dia, 2 de abril, haverá ‘Dias de Caça’ no Salão Paroquial de Covas, pelas 15h30.

Com criação e vídeo de Pedro Filipe Marques, este espetáculo conta com a assistência de criação de Tânia Almeida e de Luís Filipe Silva, assistência na realização e montagem de Rita Palma e assistência de som de Hannah Bailliu. Vasco Ferreira encarrega-se do desenho de luz e Gonçalo Fonseca é responsável pelas interpretações, em conjunto com Joana Magalhães, Luís Filipe Silva, Rui Mendonça e Tânia Almeida. Os novos caçadores são alunos pertencentes às Escolas Profissionais EPRAMI e ETAP. Todas as sessões têm entrada gratuita, limitando-se aos lugares disponíveis.



Reapertura do Museo do Mar da Guarda

Despois de permanecer pechado durante os pasados meses de inverno por razões de mantemento, o Museo do Mar da Guarda volveu a abrir as súas portas aos visitantes, coincidindo co final da estación e co comezo da primavera. O horario no que os veciños, veciñas e turistas poderán acceder ao museo será de 11 a 14 horas pola mañá e de 16 a 19 horas na quenda da tarde tanto os sábados, domingos e festivos. O acceso ao

museo ten un prezo de 1€, pero as visitas son de balde o primeiro sábado de cada mes. Dende o Concello da Guarda anímase aos veciños e visitantes a coñecer e redescubrir este museo situado nunha contorna tan especial e que forma parte da Rede de Museos da localidade, que completa o Museo Arqueolóxico de Santa Trega e o Centro de Interpretación das Fortalezas Transfronteiras do Castelo de Santa Cruz.



II Mostra de teatro afecionado do Val Miñor e Oia

Apartir do domingo 9 de abril o Auditorio Municipal Lois Tobío acollerá a II Mostra de teatro afecionado do Val Miñor e Oia. Organizado polo Instituto de Estudos Miñoráns co apoio do Concello de Gondomar. "Cabaret tres" será a obra que abrirá esta parte da mostra organizada polo IEM, a cargo de Pritis-guomis, a partir das 19:00h. no Auditorio Municipal Lois Tobío. O programa continuará o domingo 23 de abril con "A tía lambida" a cargo de A Moura, a partir das 19:00h. no Auditorio Lois Tobío. Para finalizar a Mostra, o grupo de O mellor de cada casa, sairá a escena o domingo 7 de



maio con "A illa deserta" ás 19:00h, no Auditorio Municipal Lois Tobío.

Novas da Raia

Redacción PONTEVEDRA

O Festival de Cans queda sen as axudas da Xunta de Galicia

A Xunta deixa fóra das axudas a outros catro festivais: Curtocircuito e Cineuropa de Santiago, Freakemacine de A Coruña e Primavera do Cine de Vigo, a todos eles alegando o mesmo “defecto de forma” na entrega da documentación.

Nunha decisión insólita, a Xunta deixa fóra das axudas a cinco dos festivais de cine máis relevantes de Galicia, todos por un mero “defecto de forma”, subsanable, na entrega da documentación. O Festival de Cans recurrirá esta decisión que o deixa nunha situación de incertidume a dous meses da súa celebración.

O Festival de Cans quedará este ano por vez primeira nos seus catorce anos de historia fóra das axudas que otorga a Xunta de Galicia. A AGADIC, organismo que concede as axudas, comunicou “verbalmente” á dirección Festival que o motivo foi un “defecto de forma” na entrega da documentación. Ademais do Festival de Cans, nunha decisión sen precedentes, a Xunta deixa fóra das axudas a outros catro festivais: Curtocircuito e Cineuropa de Santiago, Freakemacine de A Coruña e Primavera do Cine de Vigo, a todos eles alegando o mesmo “defecto de forma” na entrega da documentación.

Trátase da primeira vez na historia das axudas da AGADIC que se dá esta situación insólita, que está propiciada por problemas no acceso á sede electrónica da Xunta de Galicia. Era a primeira vez que estas axudas tiñan como requisito obrigatorio seren presentadas por vía electrónica, sendo tamén as primeiras axudas do ano que debían ser presentadas por este sistema, pero malia todo, a AGADIC non estableceu ningún medio de asistencia nesta situación excepcional.

Todos os festivais que quixeron entregar os seus papeis nos últimos días tiveron problemas co rexistro electrónico, polo que a maioría decidiron enviar a documentación necesaria por correo certificado dentro do prazo requerido, pero desde a AGADIC decidiron deixalos fóra da comisión de avaliación. A partir desta situación anómala como punto de partida, só catro festivais foron aceptados para avaliar na comisión de proxectos. Unha vez repartido todo o que correspondía

entre estes catro festivais, deuse unha situación surrealista xa que sobraron 30.000 euros.

Dáse a circunstancia de que a Coordinadora de festivais se reunira hai tres meses coa Xunta solicitando un aumento dunha cantidade global que se considera insuficiente, e moi inferior á otorgada ós festivais de música e de artes escénicas.

A decisión da AGADIC de deixar fóra das axudas a estes cinco festivais provocou que os demais festivais tivesen maiores incrementos nas cantidades outorgadas. Así ao Play-Doc fóronlle concedidos 32.400 euros, 8.000 euros máis que o pasado ano, ao festival de Cinema Periférico 24.161 euros, o que supón 6.000 euros máis que o pasado ano e ao Fic Bueu 22.000 euros, o que supón unha cantidade de 10.000 euros máis que as últimas axudas. A comisión da AGADIC incluso acordou conceder 3.000 euros por vez primeira ó Festival do Carballiño, que nunca dera acumulado os puntos suficientes para entrar nunhas axudas que son moi esixentes, e que o equipo do festival de Cans estivo preparando durante dous meses.

Ademais, da cantidade outorgada, a administración concedía un adianto de ata o 80%, que axudaba a que o festival tivese liquidez nos meses previos. Ao



terse feito xa a resolución do convocatoria, os cinco festivais quedan fóra das axudas e non poderán optar a petición deste adianto.

O Festival anuncia as oportunas accións legais para a defensa dos seus dereitos e intereses, no que considera unha situación completamente anómala e non axustada a Dereito. O director da AGADIC, Jacobo Sutil, comunicou persoalmente aos responsables do festival de Cans que “o problema non tiña solución”, co cal a AGADIC non intentou buscar vías de solución -que perfectamente puido ter atopado, facendo unha interpretación non formalista das normas- e os cinco festivais damnificados presenta-

rán as súas respectivas reclamacións.

É a primeira vez en catorce edicións que o Festival de Cans queda fóra das axudas da Xunta de Galicia, as máis importantes ás que pode optar o festival. Por este motivo sempre presentou proxectos modélicos e intachables en canto a orzamento e correcta xustificación do seu financiamento. O Festival de Cans solicitara 29.000 euros de axuda para este 2017, o que supón unha cantidade cercana ó 25% do orzamento do festival. Non dispoñer desta cantidade, deixa a Cans nunha situación de incertidume total a dous meses da celebración do seu festival, prevista entre os días 24 e 27 de maio.

Concurso de Contacontos en Tui

Chirlomirlo-Centro de Ocio, de Tui, coa colaboración da Librería Iris, convocan o 1º Concurso de Contacontos do Chirlomirlo,

As sesións terán lugar en Chirlomirlo, na planta cero do Outletui, os sábados ás 11:30 horas, con entrada libre para o público. Os participantes poderán ser individuais ou parellas.

Cada participante deberá narrar 1 ou 2 contos, cunha duración total de 15 minutos máximo. O participante comunicará previamente os contos que vai contar xa que non se poderán repetir, de tal xeito que o primeiro que se apunte terá preferencia para escoller. Durante a narración poderán usarse os obxectos e elementos que os narradores estimen necesarios.

A orde de participación o establecerá a organización e o comunicará ós participantes cunha semana de antelación, e participarán dúas ou tres personas en cada sesión de contacontos. Se no se presenta o participante o día asignado, quedará descalificado.

Haberá un xurado que decidirá os gañadores tendo en conta estes aspectos: oratoria, posta en escea e adaptación do relato, e tamén se terá en conta as votacións do público que terán unhas papeletas de valoración.

Para apuntarse, contactar con Chirlomirlo no teléfono ou whatsapp (685 960 370/380) ou no correo electrónico info@chirlomirlo.es, facilitando os seguintes datos: nome do participante(s), Teléfono, e-mail, contos que vai narrar, se vai

precisar algún elemento para a narración. A data límite de inscrición será o 25 de abril.

O gañador recibirá un lote de libros cortesía da Librería Iris e comprométese a facer unha actuación na librería unha vez rematado o concurso, na que se o considera convinte será acompañado por algún dos narradores de Chirlomirlo. A data desta actuación será posta de acordó entre as dúas partes. O resto de participantes recibirán tamén un pequeno agasallo en agradecemento pola súa participación.

A Organización reservase o dereito de facer calquera modificación durante a realización do concurso. As actuacións poderán ser grabadas e fotografadas, e ditas imaxes podrán ser utilizadas por Chirlomirlo, nas súas redes sociais, web e publicacións.



Redacción O FARELO



O Coro Xuvenil Cantemos, de Ponteareas convidado ao Certame Xuvenil Internacional de Habaneras de Torrevieja

Por primeira vez, unha coral xuvenil galega participa neste prestixioso certame internacional ao que tan só están convidadas pola organización oito agrupacións chegadas de España, Ucraia, Rusia e Eslovaquia

O Auditorio Municipal de Ponteareas acolleu, o sábado 25 o concerto coral no que participaron o Coro Xuvenil Cantemos, o Obradoiro Vocal A Vila e Voces do Arrieiro. O evento foi presentado na Casa Consistorial de Ponteareas polo alcalde, ao que acompañaban a concelleira de Cultura, o presidente do Obradoiro Vocal A Vila, ao que pertence o Coro Xuvenil Cantemos, a Directora do Coro Xuvenil e a responsable do coro infantil.

“É unha satisfacción para todas e todos que o Coro Xuvenil Cantemos represente a Ponteareas e a Galicia nun concurso de habaneras con tanta tradición e proxección como o de Torrevieja. Desexámoslle o maior dos éxitos”, manifestou o alcalde.

O Certame Xuvenil de Habaneras de Torrevieja, que celebra este ano o seu XXIII certame, é un dos de máis soa internacional no que ao canto coral fai referencia “e ao que, por primeira vez, a organización convida a un coro xuvenil galego e de

Ponteareas, como é o Coro Xuvenil Cantemos”.

Da importancia da participación do Cantemos neste certame fala o feito que, por unha banda, nel tan só se pode participar por invitación expresa da Organización que busca entre as formacións corais de toda Europa, por medio dunha Comisión Técnica formada por expertos en canto coral, aquelas que pola súa calidade merecen estar no escenario de Torrevieja os días 28 e 29 de abril.

Non se pode esquecer que a este Certame Xuvenil de Habaneras de Torrevieja foron convidadas tan só oito formacións corais (catro do Estado Español e outras catro chegadas de Ucraia, Eslovaquia, Rusia e Colombia), e que por primeira vez un coro xuvenil galego recibe invitación para participar.

“É un orgullo termos esta participación porque é un recoñecemento, un premio, polo traballo feito durante estes catro anos desde que dentro do

Obradoiro Vocal ‘A Vila’ fundamos O Coro Xuvenil ‘Cantemos’ para crear canteira na música cora”. explica o representante da coral Antonio Reiris, que remarcou o seu agradecemento á participación da veciñanza de Ponteareas, que esgotou as entradas para o concerto organizado para recadar fondos para a viaxe a Torrevieja.

Cantemos compartirá escenario coas corais In Crescendo OMP de Valencia; Angelus IEC Misericordias de Soledad de Ba-

rranquilla (Colombia); Coro Pro-lisok, de Rivne (Ucrania); coro Encanto, de Griñón, Madrid; AuroraChildren’sChoir de Moscú (Rusia); Pro Musica Magnolia Chindren’sChoir de Michalovce (Eslovaquia) e o Coro do Colexio Entreolivos de Dos Hermanas (Sevilla).

A concelleira de Cultura do Concello de Ponteareas, Hortensia Bautista, amosaba “o orgullo que supón para Ponteareas contar con representación nunha das citas internacionais

de máis sona no que ao canto coral de Habaneras, fai referencia” e expresaba o “firme apoio” do seu departamento “coas diversas manifestacións culturais da Vila do Tea.

Non debemos esquecer, sen embargo, que xa no ano 1980 a Coral Polifónica do Sportivo de Ponteareas foi premiada no apartado de POLIFONÍA coa interpretación de “Soon ah will be done”, de Levi dawson, tal como pode comprobarse na fotografía do pé do artigo.



Guía Gastronómica

Lucía Aral y Juventud Latina en Mesón Sas

Lucía Aral e o seu ballet actuará o día 7 de abril desde as 19,30 horas en Mesón Sas ao cumprirse seis meses da apertura do local.

Á ourensá Lucía Araujo Álvarez o seu pai ensinou-lle solfexo e instrumentación artística. Os seus pais formaron con ela o trío Tropical para actuar en actos sociais. Aos 10 anos ingresou no Conservatorio profesional de Ourense estudando clavecín, solfexo e canto coral. Con 11 anos recibiu clases de gaita, pandeireta e baile galego.

Por circunstancias persoais se viu obrigada a retirarse con 15 anos da súa carreira profesional, que reemprendió con moito entusiasmo en 2008. Entrou como pianista na orquestra ourensá Fin de Século. Durante 3 anos foi teclista na orquestra ata que tivo a ocasión de converterse nunha das cantantes do grupo. Esa foi a segunda tempada realizando o traballo como cantante na orquestra.



Ademáis lanzou o seu primeiro traballo discográfico ao mercado, interpretado e composto por ela, e coa axuda dalgúns músicos de orquestra "Fin de Século", que tamén son uns bos amigos de profesión.

0 mellor espectáculo



Habituais de Bar Fuentefría preparándose para a celebración bianual de Vinis Terrae, en Expourense. Pepe, Gabriel, Milucho e Alfonso degustaron Adega Vella (Ribeira Sacra) e Dobre R (Ribeira do Douro) con variedade de pe-

tiscos que ofrece o local. Milucho considera que "Fuentefría é un dous tres mellores locais de viños da cidade". Gabriel opina que "Pepe Callos é o mellor espectáculo". Pola súa banda Alfonso dí que "en México non hai nada igual".





**CONFIANZA
É SABER QUE
NON CHE
VAN FALLAR**

GADIS

En Confianza



Artista belga conquista Grande Prémio do PortoCartoon 2017

Por Museu Nacional da Imprensa - Porto - Portugal

Português António Santos (Santiago) recebe Prémio de Caricatura Guterres

O artista belga Luc Vernimmen é o vencedor do Grande Prémio do 19º PortoCartoon-World Festival, organizado pelo Museu Nacional da Imprensa e subordinado ao tema ONU 2017, O Turismo. A obra intitula-se "Sustainable Tourism".

O Segundo Prémio foi atribuído a Jitet Kustana, da Indonésia, com a obra "Sunbathing in the Beach" e o Terceiro Prémio pertence a Angel Boligan, do México.

A edição deste ano contemplou dois Prémios Especiais de Caricatura centrados em duas grandes figuras de relevo mundial: Pablo Picasso (1881-1973), em evocação da famosa Guernica (80 anos), e António Guterres (1949 -). Os vencedores foram, respetivamente, Dalcio Machado (Brasil) e António Santos – Santiago (Portugal). Trata-se da primeira vez que um artista português conquista o 1º lugar dos Prémios Especiais de Caricatura do PortoCartoon, iniciados em 2013. Nesta mesma categoria, o 3º lugar foi atribuído a uma caricatura de outro português, Vasco Gargalo. Santiago obteve, ainda, uma Menção Honrosa sobre Picasso e Vasco Gargalo foi, também, contemplando com uma Menção Honrosa no Tema Principal.

A elevada qualidade dos trabalhos levou o júri internacional a atribuir mais de 20 Menções Honrosas a artistas de países tão diferentes como Brasil, Itália, Rússia, Turquia, Espanha, Bulgária, USA, China, Polónia, Ucrânia, Sérvia, França, Irão, México e Egito.

Em apreciação estiveram mais de 1500 obras, de mais de 400 artistas, oriundos de 62 países distintos.

Brasil, Irão, Roménia e Portugal assumem-se como os países com maior participação.

Com esta 19ª edição, o Porto-

Cartoon volta a reforçar o seu lugar no pódio dos certames internacionais de desenho de humor e mostra a pertinência da classificação do Porto com o 'Capital do Cartoon', atribuída em 2008.

O Júri internacional do 19º PortoCartoon teve como Presidente Honorário Georges Wolinski - cartunista do Charlie Hebdo assassinado em 2015, em Paris, e que durante uma década tinha sido presidente do Júri. Integraram o Júri 2017: Bernard Bouton (presidente da FECO), Inês Moreira (Faculdade de Belas Artes do Porto), Luiz Humberto Marcos (diretor do Museu Nacional da Imprensa), Roberto Merino (encenador) e Xaquín Marín (fundador do Museo de Humor de Fene, Espanha).

Os vencedores do 19º PortoCartoon receberão os troféus (desenhados por Siza Vieira) e os Prémios durante a cerimónia de abertura da exposição, que deco-




Grande Premio: Luc Vernimmen

rerá nas instalações do Museu Nacional da Imprensa e noutros locais do Grande Porto, em junho, como é habitual.



2º Premio: Jitet Kustana



3º Premio: Angel Boligan



Premio Guterres: Santiago



Premio Picasso: Dalcio Machado